

1. Reunión de Xeoloxía e Minería do Noroeste Peninsular, nadal 1980

Entre os días 5 e 6 de nadal de 1980, celebrouse no Castro, Sada, (A Coruña) a reunión de Xeoloxía e Minería do Noroeste Peninsular, que dende o Laboratorio Xeolóxico de Laxe foi organizada este ano pola Área de Xeoloxía e Minería do S. E. G.

Esta reunión se engade à xa longa ringleira das que a partir de 1965 promoveu o Profesor Parga Pondal dende Laxe, e pretende recoller así esa prestixiosa tradición.

Faremos, no que segue, unha breve reseña do desenrolo dos actos e sesións científicas que tiveron lugar ao longo de eses dous días.

Como novidade respecto à reunión do ano pasado, podemos sulñar a presenza masiva da minería xunto à xa tradicional da xeoloxía, o que dun xeito claro queda reflexado nos traballos presentados à reunión.

Na mañán do día 5 tivo lugar a recepción dos participantes aos que lles foi entregada a documentación correspondente, (programa dos actos, resúmenes de traballos presentados, etc.). As 10 da mañán, na solene sesión de apertura, O profesor Parga Pondal, dou inaugurada a reunión cunhas breves palabras, após das que, e en sesión plenaria, foron pronunciadas dúas importantes conferencias:

A minería en Galicia, por R. Viejo Viñas

Condicionamentos económicos da transformación dos recursos mineiros galegos por C. Nogueira.

Pertencen os dous conferenciantes à empresa SODIGA.

Despois de un tempo de acougo deron comenzo as sesións científicas, que este ano, habida conta da grande cantidade de comunicacións anunciadas, tiveron de ser repartidas en dous grupos Minería e Xeoloxía cun desenrolo das sesións correspondentes independente e simultáneo.

Na aula adicada à Minería, e na xornada de mañán, foron presentadas as seguintes comunicacións encol do tema xenérico. Procesamento de materias primas mineiras:

- * Técnicas artesanais para o aproveitamento de pedras semipreciosas e ornamentais galegas. Por M. Suárez (A Coruña).
- * Estudo comparativo entre técnicas analíticas e mineralométricas para a prospección do estaño en Ourense. Por X. Nespereira Iglesias (Universidade de Santiago).
- * A cianita de O Pino (Santiago). Caracterización, purificación e aplicacións. Por G. Campillo (S. E. C. Sargadelos); F. Guitián Ribera (Universidade de Santiago); A. Varela (S. E. C., Sargadelos).
- * Análise multielemental en mostras xeoquímicas por espectrometría de emisión con fonte de plasma. Por J. Martínez (Riotinto S.A., Huelva). M. Lamela (Riotinto S. A. Huelva).

Mentras, na aula adicada à Xeoloxía, presentábanse as comunicacións seguintes relacionadas co tema Rochas Graníticas:

- * Sobre o stock adamellítico de La Granja e o sector metamórfico encaixante. Por J. L. Rubio (Universidade Complutense de Madrid); C. Villaseca (Universidade Complutense de Madrid).
- * Contribución à correlación e síntese dos granitos galegos. Por J. G. de Pablo Maciá (Geoprin S. A.).

Unha vez findadas as discusións correspondentes a cada unha das ponencias presentadas deuse por terminada a xornada da mañán.

À tarde continuaron as sesións científicas simultáneas. Na aula adicada à Minería e, como a mañán, baixo o tema xenérico Procesamento de materias primas minerais, se presentaron os traballos:

- * Procesos pirometalúrxicos e electrometalúrxicos cara à recuperación de metais preciosos. Por J. Franco (Fundiciones Franco, S. A., Santiago).
- * Investigacións feitas sobre a recuperación de granates a partir do esteril na planta de flotación de cobre de Arinteiro (Santiago). Por H. Carracedo (Riotinto, S. A., Santiago).
- * O amelloramento do concentrador de cobre de Arinteiro (Santiago). Por P. Martínez (Riotinto S. A. Santiago).
- * Esquema económico do beneficio de minerais metálicos de precio medio. Experiencias que afectan favorablemente ao proceso. Por F. Amor (Cansupex, S. A., Salamanca).
- * Aproveitamento de xacementos de pequena e media potencia empregando equipos de concentración móveis integrados por módulos. Por C. R.-Baltar (A Coruña).

Mentras, na aula de Xeoloxía e encol do tema Tectónica e Rochas sedimentarias, se presentaban os traballos:

- * Estudio xeolóxico da área xistosa da Galicia central (zona Lalín-Forcarei-Beariz). Por J. L. Marquinez (Universidade de Oviedo).
- * Tentaculites dacrioconáridos no sinforme de Alcañices (Zamora). Por M. Truyols (Universidade de Oviedo; J. L. Quiroga (Universidade de Oviedo).
- * Sobor da deformación hercinián nas series infraordóvicas do oeste de Zamora. Por J. L. Quiroga (Universidade de Oviedo).

Após de un pequeno acougo proségueuse coa presentación de comunicacións na aula de Xeoloxía, desta vez encol do tema Medios sedimentarios actuais e xeomorfoloxía. Foron presentadas:

- * Rasgos morfolóxicos e sedimentolóxicos da Ría de Betanzos. Por I. Asensio (Universidade Complutense de Madrid); M. Grajal (IDASA, A Coruña).
- * Evolución sedimentaria da chaira intermareal de A Ramallosa (Pontevedra). Por F. Vilas (Universidade de Santiago).

- * Dados cara a comparación do micromodelado granítico en dous macizos de granitoides peninsulares. Por J. R. Vidal (Universidade de Santiago); C. Martí (C. S. I. C., Jaca).
- * Características do terciario lignitífero galego. Por E. López (LIMEISA).
- * A alteración dos granitos do Monte Meda (A Coruña). Por R. Calvo (Universidade de Santiago); F. Guitián Ribera (Universidade de Santiago); F. Macías (Universidade de Santiago).
- * O método de traballo empregado no estudio do glaciario cuaternario do Pirineo e a súa posibel aplicación às serras galaico-portuguesas. Por J. M. Vilaplana (Universidade de Barcelona).

E despois de findadas as discusións correspondentes as ponencias presentadas déronse por rematadas as sesións correspondentes ao día 5.

As dez da mañán do día 6 reanudáronse as actividades coa Sesión plenaria na que o Profesor G. Corretgé da Universidade de Oviedo pronuncia unha conferencia sobre:

Variacións petrográficas e xeoquímicas en plutóns graníticos: zonación e criptozonación en batolitos epizonáis.

Após de un pequeno acougo recomenzan as sesións científicas simultaneamente nas aulas adicadas à Xeoloxía e Minería. Na aula de Minería, e baixo o tema xenérico Mineraloxénese, preséntanse as seguintes comunicacións:

- * Algúns criterios sobre do potencial metaloxénico en estaño e wolfram aplicábeis aos granitos do centro-oeste de España. Por J. Saavedra (C. S. I. C., Salamanca).
- * Estudo xeolóxico do xacemento de Fornás (Santiago). Por A. Estévez (Universidade de Granada); E. Pascual (Universidade de Granada).
- * Dados sobre antigos xacementos de estaño e de wolfram no sector Arteixo-Laracha (A Coruña). Por J. Ruíz; (A Coruña); J. Ameijeiras (A Coruña).
- * Factores xeolóxicos dos xacementos wolframíferos do norde de Salamanca. Por E. Pellitero (Universidade de Salamanca).
- * Aplicacións da microsonda electrónica ao análise mineralóxico. Por F. Guitián Ribera (Universidade de Santiago).
- * A zona wolframífera centro-oriental de Salamanca. Por E. Pellitero (Universidade de Salamanca).

No entanto, na aula de Xeoloxía, e baixo o tema Xeoloxía e Ordenación do territorio, presentábanse as comunicacións:

- * *Ordenación do territorio das serras de Queixa e Invernadoiro (Galicia). Por F. Guitián Ojea (Universidade de Santiago).*
- * *Biodegradación acelerada: ineficaz protección e inoperante actitude diante da defensa do medio natural ao longo do último trienio. Por I. Asensio (Universidade Complutense de Madrid).*
- * *Ordenación do territorio: infraestrutura e xeoloxía. Descripción de unha*

aplicación práctica. Por G. Aparicio (IDASA, A Coruña); M. Grajal (IDASA, A Coruña).

Así, e despois de terminadas as discusións correspondentes as ponencias expostas rematou a sesión da mañán.

Á tarde, en derradeira sesión científica, na aula de Xeoloxía, e baixo o nome Rochas Básicas, foron presentadas dúas comunicacións máis:

- * Adianto de aportacións sobre a presenza e a petrografía de rochas ultramáficas asociadas a granitoides calcoalcalinos novos, na zona de Viveiro (Lugo). Por G. Galán (Universidade de Oviedo).*
- * Estudo comparativo de rochas ígneas básicas de Fisterre (A Coruña) e Tapia-Salave (Asturias). Por J. I. Gil (Universidade de Bellaterra, Barcelona); O. Suárez (Universidade de Oviedo).*

Así quedaron rematadas as sesións científicas da tarde.

Despois de un acougo até as 5 téñen lugar a Asamblea Xeral na que se fixo balance da Reunión e dos proxectos cara ao futuro, e cuxa transcripción recollemos nesta publicación (cuaderno 3).

As 6 da tarde e en solene sesión de peche o Dr. Enxeñeiro D. Francisco Rosado, Director de Lignitos de Meirama S. A. pronuncia a conferencia

Recursos enerxéticos de Galicia.

Rematouse a reunión cun viño de honra ofrecido a todos os participantes aos actos.

Convén suliñar que non todos os traballos presentados á reunión foron publicados por non se facer a entrega do orixinal correspondente no prazo sinalado. Tamén que foron presentados á reunión outros traballos que por falla de asistencia dos seus autores non poideron ser expostos durante á mesma e que si veñen publicados.